

MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE GREGO DO IES SANTA IRENE

Eu, Rosario Bazo Bazo, xefa do Departamento de Grego, estiven de baixa médica desde o día 8 de setembro ao 6 de novembro.

Agradezo a todos os compañeiros que se interesaron pola miña saúde. E como mostra do que é o Grego para os alumnos, aínda que as administracións educativas empéñanse en enterralo, sirva a transcripción deste whatsapp dunha alumna de fai dous cursos que me emocionou:

Hola, Charo!

Soy S. Me comentaron que estabas de baja. Te escribía para desearte que estés bien, en la medida de lo posible. J. y yo nos acordamos, a menudo, de ti. Te apreciamos mucho los dos y te echamos de menos. La verdad, Griego es la asignatura que más he disfrutado y que más útil me ha resultado en mi vida. Es algo que quería decirte porque si es así, es gracias a ti; a que nos transmitías tu pasión por la Humanidades. Fuiste muy buena como profesora y, sinceramente, me acordaré siempre de ti, con mucho cariño.

S. e J. pasaron de visita dúas veces este curso. A última vez, o luns 26 de xuño.

Neste curso 2022-23 o Departamento de Grego dispuxo de 16 horas lectivas semanais, 8 de Grego Diurno e 8 de Grego Adultos; impartidas por min, única compoñente e xefa do devandito Departamento. Ademais fun titora do grupo de 1º E de Bacharelato diúrno.

As materias estiveron distribuídas por curso, grupo, horas e número de alumnos do seguinte modo:

Materia	Curso/ Grupo	Horas	Nº alumnos
Grego I	1º E de Bacharelato Humanidades. Diúrno	4	10
Grego II	2º E de Bacharelato Humanidades. Diúrno	4	10
Grego I	1º F Bacharelato Humanidades. Ed. Adultos	4	2
Grego II	2º H de Bacharelato Humanidades. Ed. Adultos	4	1

O meu horario de oito xornadas foi excelente, a pesar da fin de semana curta por ter a tarde do venres e a mañá do luns.

En canto ás Programacións deste Departamento para o Grego dos cursos de 1º e 2º de Bacharelato: a de 2º non cambiou respecto ao curso pasado e a de 1º foi feita pola miña substituta Ana Belén Ferreiro segundo os criterios LOMLOE e con axuda da aplicación Proens da Xunta.

As cualificacións da **Avaliación final ordinaria** de 2º Bacharelato foron as seguintes:

Grego de 2º Bacharelato. Diúrno.

Alumnos matriculados	Cualificacións	Porcentaxe aprobados	Porcentaxe suspensos
2º E: 10	10, 9 (2), 8 (2), 7, 6 (3), 5	100 %	0%

Grego de 2º Bacharelato. Educación Adultos.

Alumnos matriculados	Cualificacións	Porcentaxe aprobados	Porcentaxe suspensos
2º H: 1	6	100%	0%

Grego de 1º E de Bacharelato. Diurno.

Alumnos matriculados	Cualificacións	Porcentaxe aprobados	Porcentaxe suspensos
10	1º E: 10 (3), 8 (2), 7, 6 (2), 5, 4	90%	10%

Grego de 1º F de Bacharelato. Educación Adultos.

Alumnos matriculados	Cualificacións	Porcentaxe aprobados	Porcentaxe suspensos
2	7, 2	50%	50%

Quedounos sen ver os verbos contractos, oclusivos e en líquida, o aoristo radical temático, o participio e as proposicións adverbiais. É normal que parte de todos estes contidos se vexan no segundo curso.

En canto ós temas de civilización, eu expliquei parte deles e os alumnos prepararon outros. Pola miña parte dediqueime sobre todo á literatura. O estudo da *Odissea* levounos a falar de Cavafis, de Joyce, a escoitar a Lluís Llach e a súa *Viatge a Ítaca* e tantos outros escritores que se inspiraron no personaxe de Odiseo.

No primeiro de diúrno tiveron que responder na Aula Virtual a test de repaso, cuestionarios sobre temas da vida cotiá e de civilización non tratados na clase: a muller, o exército, a música, o deporte, a filosofía, a cerámica, a escultura, os mitos no cine, na literatura contemporánea, na publicidade, a arte, a ciencia, Atenas, Esparta.

Sempre ilustramos os temas de Civilización Grega con vídeos breves e vimos secuencias da película *Troia* e *Ágora*. Fixeron traballos sobre Creta, Micenas, as diferenzas entre a película *Troia* e o mito, o retorno de Odiseo, a mitoloxía na pintura do Museo do Prado (*Píntame un mito*), sobre o mito de Prometeo e a súa pervivencia na actualidade, na literatura e no cine, o mar e os seus mitos, as mulleres gregas

famosas, a lírica grega arcaica. Todos os traballos foron enviados e cualificados a través da Aula Virtual. Á aula de informática íamos unha hora á semá, onde traballaban a morfoloxía con exercicios interactivos, transcripción de nomes propios gregos e viamos os vídeos.

Cualificacións da **Convocatoria extraordinaria:**

Grego de 1º E de Bacharelato. Diurno.

Alumnos convocados	Cualificacións	Porcentaxe aprobados	Porcentaxe suspensos
1	NP	0%	100%

Grego de 1º F de Bacharelato. Educación Adultos.

Alumnos convocados	Cualificacións	Porcentaxe aprobados	Porcentaxe suspensos
1	NP	0%	100%

ABAU 2023. Convocatoria ordinaria.

Alumnos	Cualificacións	Media aritmética
5	10, 9.75, 9,5 (2), 8.75	9.5

A actividade programada polo Departamento de Grego: a saída para ver a representación dunha traxedia e unha comedia no marco do XXII FESTIVAL DE TEATRO GRECOLATINO A CORUÑA-LUGO-OURENSE-TUI 2023 non puido realizarse.

Co alumnado de 1º e 2º de Bacharelato de Grego e Latín fixemos unha visita guiada á Vila Romana de Toralla en xuño.

Compráronse os libros seguintes:

Cantos e fragmentos de Safo. Tradutor ao galego: Raúl Gómez Pato. Edicións Positivas.

Lechuzas a Atenas. Pervivencia hoy del refranero griego antiguo de Fernando García Romero. Ed. Edaf.

Por último, espero que o próximo curso se forme un grupo de Cultura Clásica en 3º ou en 4º de ESO. Viría moi ben o curriculum desa materia para o Latín e Grego de 1º de Bacharelato. E ademais sería máis fácil organizar saídas didácticas cun grupo máis numeroso de todo ese alumnado de Humanidades.

Termino esta última Memoria da miña vida docente lembrando a os compañeiros e compañeiras cos que compartín case corenta anos de docencia e agradecendo á actual Dirección do IES Santa Irene e aos compañeiros da CCP o resultado dos novos itinerarios que deixan á materia de Grego nunha situación digna.

E lembro tamén a todos os meus alumnos e alumnas con agarimo e agradecemento, porque, aprendendo nas aulas con eles, cheguei a ser a profesora que son, como moitos deles, xa profesores de Clásicas e doutras materias.

E despídome como empecei, con estes whatsapps recibidos nos dous últimos anos:

Hola, Charo.

La asignatura de Griego me ha gustado mucho y, sobre todo, me ha parecido enriquecedora. Gracias por compartir tu pasión con unos principiantes.

Feliz verano!

M (Junio 2021)

Buenas tardes, Charo:

Ya han salido las notas de la ABAU y he sacado un 9,50 en Griego. Me siento feliz con este resultado. Muchas gracias por habernos enseñado tanto sobre la cultura de los griegos. He aprendido un montón en tus clases y has logrado que me enamore de la materia. Gracias por darme clase estos últimos dos años.

¡Feliz verano!

E. (Junio 2023)

Χάριν αποδίδωμι τῶν τοῦ ΙΕΣ Σάντα Ιρήνη μαθητῶν καὶ τῶν διδασκάλων

Bo verán!

Vigo a 29 de xuño de 2023.

Rosario Bazo Bazo